



**EXPEDIENTE 2024/C004/000009. CONTRATACIÓN SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE TOURO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE TOURO.**

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a presente Memoria emítese os efectos de xustificar a natureza e extensión das necesidades que preténdense cubrir mediante o presente contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

**1º Xustificación do procedemento a utilizar para a adxudicación do contrato:**

O presente contrato adxudicárase mediante procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP, sendo necesario a preparación das cláusulas particulares e de prescricións técnicas que rexeran a correspondente licitación.

**2º Denominación do contrato:**

O contrato para a Prestación do Servizo de actividades deportivas do Concello de Touro.

**3º Clasificación do contrato:**

Contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).

**4º Clasificación CPV:**

A codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos CPV é:

- 92600000-7 Servizos deportivos
- 92610000-0 Servizos de explotación de instalacións deportivas
- 92620000-3 Servizos relacionados cos deportes.

**5º Obxecto do contrato:**

O obxecto do contrato é a contratación da prestación do servizo de actividades deportivas para a impartición actividades/enseñanzas físico-deportivas motivantes para o cidadán; ao obxecto de contribuir ao desenrolo da cultura física e benestar na poboación.

**6º Necesidade do contrato:**

As necesidades técnicas e administrativas a satisfacer mediante o presente contrato son:

- Fomento e coordinación do servizo de actividades deportivas.
- Asistencia a usuarios do servizo.
- Creación de programas individualizados de acondicionamento físico.
- Promoción de actividades municipais.

**7º Insuficiencia de medios:**

Ao non dispoñer este Concello dos suficientes medios persoais e técnicos para realizar o servizo, xustificase a necesidade de proceder á licitación do citado servizo. En consecuencia, queda acreditada a insuficiencia de medios ao efecto do establecido no artigo 116.4.f) da LCSP.



#### **8º Duración do contrato:**

O amparo do estipulado no artigo 29 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato terá unha duración de UN ANO, coa posibilidade de tres prórrogas de unha anualidade cada unha delas (1+1+1++1). A prórroga precisará de acordo expreso do órgano de contratación.

#### **9º Orzamento base de licitación e valor estimado:**

Aos exclusivos efectos de determinación do procedemento de licitación, publicidade, determinación de garantías e de consignación orzamentaria do máximo gasto anual, sinalase o seguinte prezo do contrato:

Para os efectos antes sinalados indícase a continuación o valor estimado anual, o valor estimado dos anos de duración inicial e o valor estimado total (para os efectos do Art. 101.1 LCSP), incluídas tres prórrogas anuais previstas no PPT.

De conformidade coa Resolución do 16 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación do IV Convenio colectivo de instalación deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia os custos de persoal necesarios para a prestación do servizo (744 horas) ascenden a 12.605,75 euros ao ano tendo en conta a correspondente actualización do IPC. Así o custo anual do contrato desagregase:

- Custos de persoal: 12.605,75 euros.
- Desprazamentos (6%): 756,34 euros.
- Absentismo (4%): 504,23 euros.
- Gastos xerais (13%): 1.638,74 euros.
- Beneficio industrial (6%): 756,34 euros.
- BASE IMPOÑIBLE: 16.261,40 euros.
- IVE (21%): 3.414,89 euros.
- TOTAL: 19.676,29 euros

VALOR ESTIMANDO: 68.297,88 EUROS.

#### **10º División en lotes:**

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP non procede a división en lotes xa que nos atopamos ante unha prestación única que debe ser prestada de maneira uniforme tal e como se desprende da memoria xustificativa.

#### **11º Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:**

O presente contrato non altera as previsións municipais sobre a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo cos principios establecidos no artigo 7.3 da lei Orgánica 2/2013, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

O servizo financiarase con cargo ao presuposto municipal, na aplicación orzamentaria 341.22799.

Dado que o contrato ten carácter plurianual a Corporación adoptará o compromiso de consignar nas aplicacións correspondentes dos exercicios correspondentes crédito suficiente para financiar as obrigas que do mesmo se deriven.

#### **12º utilización de medios electrónicos:**

En base o disposto no apartado 3 da disposición adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada Disposición Adicional.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)  
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

---

Para este efecto dispoño:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato de servizo de actividades deportivas do Concello de Touro.

**SEGUNDO.** Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

**TERCEIRO.** Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Touro na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde, Roberto Castro Rocamonde